

BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO EDUCATIVO DE PRIMAVERA DA CASA MUNICIPAL DA XUVENTUDE NO ANO 2018.

As presentes bases regularán o proceso de inscrición nos Campamentos Educativos de Primavera que terá lugar os días 26,27,28 de marzo e 2 de abril de 2018, de 9.00 a 14.00 h. da mañá, e o acceso ó mesmo.

1. NÚMERO DE PRAZAS E QUENDAS

1.1 Ofértanse:

- **25 prazas para rapaces de 7 a 14 anos** (ámbolos dous incluídos) **empadroados no concello.**
- **25 prazas para rapaces de 3 a 6 anos** (ámbolos dous incluídos) **empadroados no concello.**

1.2 A adxudicación de prazas realizarase de forma **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas disponibles, e **por sorteo público** no suposto de que o número de solicitantes supere o número de prazas dispoñibles.

1.3 A asistencia é obrigatoria; un 25% de faltas sen xustificar dará lugar a baixa automática na actividade. As faltas computaranse por horas.

1.4 Só se permitirán como xustificantes válidos de faltas de asistencia:

- O xustificante médico por enfermidade ou ingreso do alumno ou de familiar co que conviva.

2. PRAZOS E ADXUDICACIÓN

2.1 O **prazo de inscrición** será **desde o mércores , 14 de marzo, ó martes , 20 de marzo de 2018** (ámbolos dous incluídos) podendo ampliar este prazo no caso de que queden prazas vacantes.

2.2 A adxudicación poderá ser:

- **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas ofertadas.
- **Por sorteo público**, no suposto de que o número de solicitantes supere o número de prazas ofertadas. Neste caso , **o sorteo realizarase o mércores, 21 de marzo de 2018, ás 12.00 horas** da mañá na Casa Municipal da Xuventude de Barbadás. Poderán asistir todas as persoas interesadas.

2.3 **O xoves, 22 de marzo, publicarase o resultado do sorteo incluídas as listas de espera** no taboleiro da Casa da Xuventude e na páxina web, coa correspondente listaxe de admitidos na actividade.

3. INSCRICIÓNS

3.1 As inscricións realizaranse de **forma presencial** na Casa da Xuventude presentando a seguinte documentación:

- A folla de inscrición debidamente cumprimentada que se facilitará na Casa Municipal de Xuventude ou que se poderá descargar directamente na páxina web do concello, cuxa sinatura produce os efectos de autorización para a asistencia do menor a actividade.
- A solicitude poderá ser **individual ou múltiple** (no suposto de dous , tres ou catro irmáns dentro da unidade familiar).
- A solicitude múltiple ten efectos para a adxudicación de prazas durante o sorteo segundo a a orde dos resultados do sorteo , e para xerar as listas de espera. No momento das adxudicacións desde a lista de espera xa se teñen en conta como individuais.

3.2 O enderezo para presentar a documentación é o seguinte:

Casa Municipal da Xuventude de Barbadás

Parque da Solaina, s/n

32002 A Valenzá (Barbadás)

3.3 O Horario da oficina para realizar a inscrición será de luns a venres de 8.30 a 14.30 horas da mañá.

3.4 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

4. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Área de Xuventude

Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal

Casa Municipal da Xuventude

Parque da Solaina, s/n – A Valenzá

Tel. 988391526 Fax: 988234725

e-mail: xuventude@barbadas.es

<http://www.barbadas.es>